

TEXTO Nº 11: OS ANIMAIS DE COMPAÑÍA ENTRAN NO PARLAMENTO

Os últimos días de abril entrou no Parlamento de Galicia o anteproxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía. Agora, antes de se converter en lei, terá que ser discutido, emendado e aprobado polos grupos parlamentarios.

O anteproxecto é como un borrador que a Xunta manda ao Parlamento para que as deputadas e deputados o estuden, o discutan, o modifiquen e o convertan en lei. Polo tanto, a lei que sae será seguramente diferente a este borrador.

En xeral, os grupos parlamentarios (BNG, En Marea, PP e PSOE) están de acordo en respectar os animais e en concienciar a sociedade sobre este problema. Polo tanto, procurarán, cada un co seu punto de vista, que esta lei sirva para acabar co maltrato e o abandono de animais, así como a súa participación nos circos, entre outras cousas que tamén trata o borrador.

Porén, esta futura lei non se aplicará a todos os animais, senón só aos de compañía, incluíndo os silvestres mantidos en cativeiro. Quedan excluídos, polo tanto, os animais dedicados á produción (gando, galiñas de granxa, etc.); os cabalos e outros équidos; os touros para espectáculos taurinos -o BNG e En Marea queren poñerlle fin ás touradas, polo que é probable que este sexa un punto de discusión-; os animais silvestres que estean no seu medio natural e os animais destinados a experimentos científicos (como os ratos de laboratorio).

O anteproxecto trata moitas cousas relacionadas cos animais de compañía, entre as que cabe destacar as que falan das obrigas dos donos; das prohibicións; do transporte; da identificación mediante microchips; da cría e da venda; da eutanasia; dos animais potencialmente perigosos; do abandono e a adopción, ou das sancións.

OBRIGAS DOS PROPIETARIOS/AS E POSUIDORES/AS DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA

- Darlles protección e benestar.
- Proporcionarlles auga e comida.
- Telos nun aloxamento axeitado.
- Levalos ao veterinario.
- Procurarlles exercicio físico e descanso.
- Non estresalos nin facelos sufrir.

O anteproxecto de lei propón tamén estas outras obrigas: levar os cans con correa e colar polos espazos públicos; non ensuciar as rúas e recoller os excrementos; evitar a reprodución incontrolada; rexistralos e colaborar coas autoridades.

O TRANSPORTE

As normas que regulan o transporte, obrigan a levar os animais en espazos axeitados para o seu tamaño, e prohiben transportalos feridos ou enfermos, agás para levalos a unha clínica veterinaria. Para o caso de quedar os animais nun coche estacionado, mandan que estes deben de ter espazo suficiente para erguerse, deitarse e xirar, e a ventilación e

temperatura axeitadas. Prohíbe tamén levalos no maiteiro pechado ou atados a un vehículo en marcha.

A IDENTIFICACIÓN

As normas que regulan a identificación obrigan a rexistrar e identificar os cans mediante un microchip, o que se deberá de facer nos 3 primeiros meses de vida do cachorro. Para gatos e furóns será voluntario. Os cans de fóra de Galicia que pasen aquí menos de tres meses non estarán obrigados a rexistrarse.

A VENDA

Segundo o anteproxecto, os animais de compañía só se poderán adquirir en establecementos autorizados e estes non os poderán exhibir nos escaparates. Os cans e os gatos non se poderán vender antes dos 8 meses de vida. As persoas menores de 16 anos non poderán adquirir animais de compañía sen a autorización dos seus pais ou titores.

A EUTANASIA

A eutanasia é a morte sen dor provocada para evitar sufrimentos. O anteproxecto só a permite coa autorización por escrito dun veterinario/a, e unicamente para evitarlle un sufrimento grave e irremediable ao animal, ou por motivos de saúde pública, seguridade das persoas ou do medioambiente.

SANCIÓNS

Como noutros lugares o aumento das contías das sancións reduciu o maltrato aos animais, o anteproxecto propón aumentalas tamén en Galicia, segundo a gravidade das accións.

Xornal Papagaio. (2017/05). Os animais de compañía entran no parlamento. Actualidade.